


> 6.1

Resultados e impactos por localidades



“ O máis duro é ser discriminado á hora de buscar un traballo ”

Lucía Jiménez. Camareira.

Lucia Jiménez naceu en Santiago de Compostela. Aos nove anos abandonou o colexio para coidar aos seus irmáns pequenos e facer os labores de casa. Retomou os estudos coa asociación “Chavós”. Despois de facer varios cursos soubo da existencia da Fundación Secretariado Xitano. “Fixen varios cursos: azafata de congresos, informática, manipuladora de alimentos, un curso de voluntariado, etc.” Traballou de axudante de cociña en varios restaurantes; tamén de azafata de congresos”. E agora mesmo cobre unha baixa nunha cafetería. Sufriu varios casos de racismo en propia pel e o seu desexo é que acabe a discriminación.



O dispositivo de Vigo é o que mostra maior afluencia, con 464 persoas atendidas, sendo maior o número de homes que o de mulleres. O mesmo ocorre en Pontevedra, mentres que en Lugo e Santiago son as mulleres quen acoden en maior medida.

Respecto á formación impartida pola Fundación, o dispositivo de Vigo acredita o maior número de persoas formadas, un total de 261, o 56% de quen pasaron polo dispositivo. En todos os dispositivos o número de mulleres que acceden a procesos de formación interna é maior ao de homes, sendo en Pontevedra onde estas diferenzas de xénero se aprecian en maior medida.

O maior número de empregos rexístrase en Pontevedra, con 489 contratos. Destes, un 69,7% foron realizados a poboación xitana, 63% homes e 37% mulleres. Mentres Vigo e Pontevedra presentan maiores porcentaxes de contratación masculina, Lugo e Santiago acreditan maior porcentaxe de contratación feminina.




É no dispositivo de Pontevedra no que maior número de persoas accederon a un emprego, un total de 143. Isto supón 3,4 contratos por persoa. Séguenlle, nesta orde, Vigo, Lugo e Santiago. En todos eles, a excepción de Lugo, o número de homes é maior que o de mulleres.

Respecto ao número de persoas que logran o seu primeiro emprego, é tamén o dispositivo de Pontevedra o que acredita as maiores cifras, un total de 68 persoas. Sen embargo, porcentualmente cabe destacar o de Vigo, onde o índice de persoas que conseguen o seu primeiro emprego supón o 44% de quen acceden a un contrato.





En conxunto, o comportamento dos dispositivos de Galicia é abondo homoxéneo. A maior porcentaxe de poboación xitana, respecto á poboación atendida no dispositivo, rexístrase en Santiago, con un 80%. No dispositivo de Vigo, sen embargo, é onde se rexistra o maior número de persoas formadas, mentres que Pontevedra acredita as maiores cifras no ámbito da contratación.



> Lugo



> Pontevedra







“Traballo para e pola comunidade xitana, cousa que me enche de orgullo”

Rebeca Flórez Jiménez. Mediadora intercultural.

Rebeca Flórez criouse nunhas condicións de necesidade case extrema que a levaron a reconsiderar a súa vida, buscando superarse e loitando para ser alguén na vida, alguén independente, orgullosa da súa cultura e as súas raíces. “Logrei saír da miña situación e axudar á miña familia, e ademais de todo iso romper co meu destino que estaba demasiado marcado...” Apostou pola formación para que as súas opcións mellorasen. Actualmente é mediadora intercultural na Fundación Secretariado Gitano desde hai case dous anos. “Gustaríame ser un exemplo para moitas mulleres”.



> Santiago



> Vigo

